

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PROGRAMACIÓN ESTABLE DE CINEMA GALEGO EN ENTIDADES GALEGAS DO EXTERIOR

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### REUNIDOS

Por unha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (en virtude do nomeamento efectuado polo decreto 44/2024, do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E por outra, Lucía Veiga López, presidenta da Academia Galega do Audiovisual (NIF G15844145), actuando no seu nome e representación en virtude do establecido nos estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**Segundo.-** O artigo 49 do decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

**Terceiro.-** De acordo co citado decreto 147/2024, do 20 de maio, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes á mellora da calidade de vida das persoas galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír á conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

**Cuarto.-** A Academia Galega do Audiovisual é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten entre os seus obxectivos fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas directa ou indirectamente coa produción audiovisual en Galicia en todos os seus sectores, xéneros e formatos.



**Quinto.-** A Academia Galega do Audiovisual está a desenvolver o Ciclo Mestre Mateo, unha programación estable de cinema composta en exclusividade polas películas finalistas nos Premios Mestre Mateo do audiovisual galego, galardóns que destacan as obras de maior calidade na produción audiovisual do ano e son organizados tamén pola academia.

**Sexto.-** Ambas as partes coinciden en que é necesario xuntar esforzos e exercer unha colaboración que permita ofrecerlle á comunidade galega no exterior a oportunidade de coñecer e gozar do cinema feito en Galicia a través do Ciclo Mestre Mateo.

Neste contexto, non existe outra entidade para desenvolver este proxecto e, por tanto, non procede promover a concorrència pública, polo que, en cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrència de ofertas e de formalizar un contrato administrativo.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan este convenio de colaboración, que recolle as seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para desenvolver, por medio de entidades galegas ou das delegacións da Xunta de Galicia, unha programación estable de cinema galego en 12 puntos do exterior a través do Ciclo Mestre Mateo, un proxecto audiovisual orixinal impulsado pola Academia Galega do Audiovisual.

### **Segunda.- Obrigas das partes**

1. A Academia Galega do Audiovisual comprométese a:

- Elaborar a programación de 8 películas, que en todo caso serán finalistas nos Premios Mestre Mateo, de xeito que poidan ser proxectadas sucesivamente a partir da gala dos Premios Mestre Mateo.
- Xestionar os dereitos de exhibición das obras.
- Responsabilizarse do tráfico das copias e materiais: envío e recollida.
- Elaborar a sinopse e a ficha técnica de cada obra.
- Elaborar aplicacións gráficas para difusión de carteleira e a través das redes sociais.
- Realizar dúas sesións de formación sobre comunicación e promoción de proxectos culturais para as persoas responsables da organización nas entidades galegas do exterior.
- Destinar os fondos que se perciban á executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.

O importe correspondente ao IVE so poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por ela mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.



- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Remitir á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.
- Facer constar a imaxe corporativa da Xunta de Galicia en toda clase de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, así como os seus correspondentes logotipos.
- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración toda a información que lle requira en materia de transparencia, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración obrígase a:

- Seleccionar 12 entidades galegas no exterior que estean en condicións de acoller o desenvolvemento do Ciclo Mestre Mateo.
- Facilitar á Academia Galega do Audiovisual o contacto coas 12 entidades seleccionadas.
- Coordinar a participación das entidades galegas no exterior no desenvolvemento do ciclo.
- Colaborar activamente na difusión do Ciclo Mestre Mateo.
- Supervisar as actuacións relativas ao desenvolvemento do convenio que son da súa competencia.
- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula cuarta que queda condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

### **Terceira.- *Calendario e contido co Ciclo Mestre Mateo***

As oito obras integrantes do Ciclo Mestre Mateo serán facilitadas a cada unha das entidades seleccionadas para seren proxectadas sucesivamente a partir da Gala dos Premios Mestre Mateo ata o 30 de novembro de 2026.

Xunto coa obra, a Academia Galega do Audiovisual facilitará a súa ficha técnica e materiais editables para facer a difusión. Así mesmo, nunha data que se pactará coas entidades dentro da primeira fase do proxecto, realizaranse dúas xornadas de formación sobre comunicación e promoción de proxectos culturais para as persoas responsables da organización.

### **Cuarta.- *Crédito orzamentario***

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de corenta mil euros (40.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.640.0 (código de proxecto 2015 00036), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

O orzamento total do Ciclo Mestre Mateo, que se acompaña como anexo a este convenio, é de 44.443,30 € (IVE incluído). A Academia Galega do Audiovisual percibirá da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha compensación de corenta mil euros (40.000 €), que supón un 90% sobre o orzamento total, polos gastos en que incorra no desenvolvemento do convenio.

### **Quinta.- *Xustificación e pagamento***



A contía referida neste convenio farase efectiva en dous pagamentos de 20.000 euros; un ao rematar a primeira fase do proxecto no mes de xuño e outro ao finalizalo no mes de novembro, previa entrega por parte da Academia Galega do Audiovisual da seguinte documentación:

- Factura (IVE incluído) expedida pola Academia Galega do Audiovisual contra a Secretaría Xeral da Emigración e certificación do/da representante legal da academia sobre os traballos do período ao que se refire e o seu importe.
- Certificacións de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

A documentación xustificativa relativa á segunda fase dos traballos deberá entregarse, en todo caso, antes do 10 de decembro de 2026.

Para o caso de non xustificarse a contía total, o libramento de fondos reducirase na mesma proporción que represente a contía xustificada; se o importe que se xustifique excede do orzamento inicial, a contía que compensará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración terá como límite máximo 40.000 €. En todo caso, a Secretaría Xeral da Emigración queda facultada para pedir, en calquera momento, a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido deste convenio e para exixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.

Así mesmo, a entidade estará obrigada a colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

A achega económica limitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a Academia.

### **Sexta.- Relación laboral**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou con calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá exixir á mencionada consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Para a execución deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en calquera momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

### **Sétima.- Autorización, publicación e rexistro do convenio**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).



As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

#### **Oitava.- Comisión de seguimento.**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas; dúas de parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración designadas pola Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade beneficiaria.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

#### **Novena.- Modificación do convenio**

As partes poderán modificar o convenio en calquera momento de mutuo acordo e a súa tramitación realizarase nos mesmos termos que o presente convenio.

Tales modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que exixa a normativa vixente.

Así mesmo, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

#### **Décima.- Causas de resolución do convenio**

1. Este convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
  - b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
  - c. O acordo unánime de todas as partes asinantes
  - d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
  - e. A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
  - f. Calquera outra causa prevista nas leis.
3. Así mesmo, será causa de resolución a denuncia expresa de calquera das partes, que poderá realizarse en calquera momento, previa comunicación por escrito á outra parte asinante cunha antelación mínima dun mes respecto da data na que se vaia dar por finalizado.

Se cando conorra algunha das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren



oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

#### **Décimo primeira.- *Protección de datos de carácter persoal***

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a directiva 95/46/CE (regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos consonte á normativa recollida nas cláusulas do convenio e as referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

#### **Décimo segunda.- *Relación por medios electrónicos***

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo terceira.- *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente***

Este convenio ten natureza administrativa, réxese polas súas cláusulas, no seu defecto, aplicaráselle os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver a lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e demais normas de procedente aplicación.



As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo cuarta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2026, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e  
Emigración

A presidenta da Academia Galega do  
Audiovisual

José González Vázquez

Lucía Veiga López



## ORZAMENTO CICLO MESTRE MATEO CENTROS GALEGOS NO EXTERIOR

ORZAMENTO	
XESTIÓN DEREITOS DE EXHIBICIÓN	15.450,00 € €
PROMOCIÓN E DIFUSIÓN	6.600,00 €
PRODUCCIÓN E COORDINACIÓN	12.180,00 €
GASTOS XERAIS PRODUCCIÓN	2.500,00 €
BASE IMPOÑIBLE	36.730,00 €
IVE (21%)	7.713,30 €
<b>TOTAL</b>	<b>44.443,30 €</b>

